

# OS MÁIS AFECTADOS

## TESTEMUÑAS EN PRIMEIRA PERSOA

Andrés M. Díaz



### • DOLORES RODRÍGUEZ CURES •

*Veciña de Valenza (Coristanco) e propietaria da Granxa Agro do Cruceiro.*

Participo no proxecto *granxfamiliar.com* da USC vendendo produtos de horta directamente aos consumidores por Internet. Se a mina de ouro vai adiante, deixarán de interesarse polos meus produtos ante a sospeita de que poidan estar contaminados. A balsa de lodos implica que non poidamos beber auga do noso pozo, como facemos a diario, pola posibilidade de filtracións. Iso se as explosións non afectan aos acuíferos secando os pozos.

**"Se a mina de ouro vai adiante, deixarán de interesarse polos meus produtos ante a sospeita de que poidan estar contaminados"**

Ao expropiarnos o monte, quedamos sen produción de madeira, e sen leña, que aproveitamos para quentar a casa agora que o gas vai tan caro.

Non entendo como pode ser legal un negocio que afecta tan directa e gravemente á forma de vida de varias parroquias.

Francisco García Trigo



### • CARMEN TRIGO MUÑIZ •

*Veciña de Corcoesto (Cabana) e propietaria dunha explotación de gandeira dunhas 20 cabezas.*

A área afectada son máis de 700ha, case que a metade da nosa parroquia. No meu caso, dispoño dunha explotación de leite pequena, pero sèrveme para pagar a miña xubilación e algo máis. Preocúpame que os animais poidan verse afectados polo ruído das voaduras, ou que estas provoquen fendas na casa; a perda da

**"Queremos seguir tendo o noso monte que nos dá a leña necesaria para quentarnos no inverno, plantar as nosas patacas, a nosa horta, comer a nosa froita sen que estea contaminada"**

nosa fonte de auga, moi boa e de balde, e dunha pradeira arrendada de algo máis de unha Ha que quedaría sepultada baixo a balsa de residuos de lixiviación de cianuro. Non nos imaxinamos vivindo cerca dun burato de máis de 300 m de profundidade. Queremos vivir da nosa terra humildemente como viviron os nosos pais e os nosos avós e os avós dos nosos avós. Queremos seguir tendo o noso monte que nos dá a leña necesaria para quentarnos no inverno, plantar as nosas patacas, a nosa horta, comer a nosa froita sen que estea contaminada. É tanto pedir? Van acabar co noso futuro e co futuro dos nosos fillos.

Betén Rodríguez



### • XOSÉ MANUEL PONTE •

*Veciño de Corcoesto (Cabana).*

A 100 metros da miña casa, no lugar de Baralláns, estarían ubicadas a balsa de lodos e a planta de tratamento, incluída a escombreira (entre a balsa e a planta).

**"Isto vai acabar coa nosa calidade de vida. As máquinas estarán machacando as 24 horas os 365 días do ano e cunha circulación intensiva de camións diaria, ademais do pó que teremos que tragar"**

O meu non é o único caso, hai outros moitos veciños dos pobos de Cereio e Valenza que teñen a súa casa a 30 metros do límite explotación, e que lles entra directamente na horta. Isto vai acabar coa nosa calidade de vida. As máquinas estarán machacando as 24 horas os 365 días do ano e cunha circulación intensiva de camións diaria, ademais do pó que teremos que tragar. E ao lado, teremos unha balsa de 11.00 m<sup>3</sup> de estériles. Vai ser case imposible vivir alí. Temos medo a que non poidamos cultivar, ou cultivar e que non o poidas comer. Aínda que eu non vivo alí a diario, sempre che quedaba a idea de regresar e montar algo, agora todos os montes da casa son expropiados. Eu presentei unhas alegacións particulares e a resposta foi que a lei ampara a mina de ouro. Fálase de cumprir cos niveis de contaminación e parece que as persoas damos un pouco igual. A maioría dos afectados viven da terra e dos montes. Estannos botando fóra da casa.



• FRANCISCO BERMÚDEZ MATA •

Veciño de Cereo (Coristanco) e labrego.

Vai afectar á miña saúde e á saúde da miña familia e nós simplemente queremos vivir na aldea coa mesma tranquilidade que tiñamos agora. Ademais imos quedar sen a fonte de auga que abastece a case toda a parroquia, xa que, esta fica debaixo xusto da balsa de lodos que ten planeado facer a empresa mineira.

**"Imos quedar sen a fonte de auga que abastece a case toda a parroquia, xa que, esta fica debaixo xusto da balsa de lodos que ten planeado facer a empresa mineira"**

Eu son labrego e, como moitos máis veciños, correríamos o risco de que as cooperativas leiteiras non pasasen a recollernos o leite. Quen se vai facer responsable de pagar as perdas que iso poida ocasionar? Por que os meus herdeiros se teñen que ver privados de recoller todo o froito do noso traballo porque unha empresa queira vir desfacer o territorio? Só na parroquia de Cereo

hai 12 explotacións gandeiras. Ademais de non poder cultivar produtos de primeira necesidade como patacas, trigo ou verdura. Eu desde logo non vou vender voluntariamente por moi alta que sexa a cifra que me propoñan. Baixo ningún concepto me vou desfacer dos meus bens que me deixaron en herdanza.

A empresa quere cativar á xente con empregos, pero non van dar traballo a tanta xente de Coristanco e Cabana como din. A ver quen é a persoa que se atreve a asegurar un posto de traballo nesa empresa e por canto tempo; penso que están xogando coa miseria da xente. E o concello, pouco se está a preocupar por nós.



• JOSÉ RODRÍGUEZ MOREIRA •

Veciño de Cereo (Coristanco) e gandeiro.

A nosa forma de vida vai desaparecer. Vivimos a menos dun quilómetro da mina e teremos que soportar o tráfico de camións por diante das nosas casas as 24 horas do día. A miña explotación, incluso, podería acabar desaparecendo. Os animais son moi sensíbeis á contaminación acústica e por ese motivo baixa-

rían os niveis de produción da miña granxa. Ademais, por causa dos produtos altamente contaminantes que se van usar na mina a ceo aberto, veríase afectada a produción de forraxe para alimentar os animais e, polo tanto, aumentarían os custes de produtos alimenticios do gando. Nesas condicións, a quen lle vendería os meus produtos hortícolas?

**"Por causa dos produtos altamente contaminantes que se van usar na mina a ceo aberto, veríase afectada a produción de forraxe para alimentar os animais e, polo tanto, aumentarían os custes de produtos alimenticios do gando"**

A empresa di que vai cumprir todas as medidas de seguridade, pero creo que minte. Xa no Estudo de Impacto Ambiental hai datos que non coinciden, como zonas de eucaliptos e piñeiros presentadas como de monte baixo. Ademais temos casos abondosos de empresas que deixaron tras de si un desastre ambiental grave ou moi grave, e aínda a día de hoxe non pagaron nin restauraron nada. Pero o momento de mobilización real foi cando chegaron as cartas que enviou a empresa, pouco menos que ameazando aos veciños que non tivesen en mente vender os terreos. Tamén nos preocupamos moito cando soubemos que íamos quedar sen unha das fontes que abastece á meirande parte da parroquia e que teríamos unha grande balsa de lodos e produtos contaminantes colocada enriba desa fonte. Agora o 90% dos veciños da parroquia somos contrarios á mina.

Testemuñas recollidas por Carmen Bardanca, membro da Plataforma pola defensa de Corcoesto.

